

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14 DE NOVEMBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00050525W.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria-urxente de data 28 de outubro de 2022.
- Ordinaria de data 31 de outubro de 2022.
- Extraordinaria-urxente de data 2 de novembro de 2022.
- Extraordinaria-urxente de data 4 de novembro de 2022.
- Ordinaria de data 7 de novembro de 2022.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/868/2020.

Licenza para a construción de 58 vivendas de protección autonómica en réxime concertado, 8 locais comerciais, 124 prazas de garaxe e 58 rochos na Rúa Manuel Ceruelo, 6-9 SUNP-14 Mazá 4.

Acórdase conceder a RESIDENCIAL M4 SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA DE VIVENDAS, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 28/04/2022 e documentación presentada o 08/11/2022, a construción de 58 vivendas de protección autonómica en réximen concertado, 8 locais comerciais 124 prazas de garaxe e 58 rochos na Rúa Manuel Ceruelo, 6-9 SUNP 14 Mazá 4 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 4.138.200,14 €

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1547/2019.

Licenza para a instalación de ascensor no inmovible sito na Rúa Pastoriza, 101B.

Acórdase conceder á Comunidade de Propietarios Basquiños 101-B licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o Proxecto Básico e de Execución de data de visado do 24/07/2019, a instalación de ascensor no inmovible sito na Rúa da PASTORIZA 101 B Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 47.815,13 €.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00013030C.

Licenza para a instalación de ascensor e mellora de accesibilidade en edificios de vivendas na Avenida de Lugo, nº 171 – 173.

Acórdase conceder a Agrupacion Avda de Lugo 171-173 licenza para o proxecto básico presentado o 14/03/2022 e documentación do 05 e 27/10/2022, cun orzamento de execución material de 92.760,60 €.

O proxecto básico refírese á instalación de ascensor e mellora de accesibilidade en edificios de vivendas na Avenida de Lugo, nº 171 – 173 Santiago de Compostela (A Coruña)

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00020197S.

Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010 e conceder a licenza para rehabilitación e ampliación de vivenda sita na Rúa Espírito Santo, 44.

Acórdase:

Primeiro.- conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e segundo o Proxecto Básico Modificado e de Execución de Rehabilitación e Ampliación de vivenda familiar, con selo de visado de data 21/06/2022, cun orzamento de execución material de 136.800,00 €, a rehabilitación e ampliación de vivenda sita na Rúa do Espírito Santo nº 44 Santiago de Compostela (A Coruña).

Segundo.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe do arquitecto municipal de data 13/09/2022 para a rehabilitación e ampliación de vivenda sita na Rúa do Espírito Santo nº 44 Santiago de Compostela (A Coruña).

Terceiro.- Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

7. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2022/00003412H.

Aprobación definitiva da Modificación do Proxecto de urbanización do SUP-1 (Romero Donallo).

Acórdase:

a) Aprobar definitivamente a modificación do Proxecto de urbanización do SUP-1 (Romero Donallo), coas seguintes reformas respecto do aprobado inicialmente:

- O plano PSG-01 substitúese polo presentado o 7.09.2022

- As obras de urbanización dos espazos libres privados de uso público nos quinteiros M1-M2 definiranse nun proxecto de obras complementario ao de edificación dos citados quinteiros

b) Requirir á Xunta de Compensación que presente un DOCUMENTO REFUNDIDO no que se integren as reformas anteriormente sinaladas.

Con carácter previo ao inicio das obras que afecten ás zonas de protección doutras administracións (augas, estradas, patrimonio cultural), a Xunta de Compensación deberá obter as autorizacións que sexan preceptivas segundo a normativa sectorial aplicable.

8. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2022/00015388D.

Aprobación do proxecto de reurbanización da Rúa García Lorca.

Acórdase:

Aprobar o proxecto técnico de reurbanización da rúa García Lorca coas seguintes condicións:

O orzamento máximo de licitación é de **1.052.134,25 €** (O.B.L. + 21% I.V.E).

O prazo de execución é de 24 meses. Este prazo establececese á marxe de posibles retrasos na execución da obra por falta de dispoñibilidade da totalidade do ámbito de intervención por parte da empresa adxudicataria causada por fases ou ámbitos de actuación sucesivos determinados polo servizo de tráfico a efectos de garantir unha mínima continuidade no sistema viario urbano o calquera outra condición allea a empresa que xustifique unha prolongación da execución do contrato. Neste caso, á vista das novas condicións establecidas, o Concello e a empresa adxudicataria pactarán os novos prazos correspondentes coherentemente cos tempos e ritmo de execución ofertados no seu día no correspondente plan de obra.

9. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/12/2021 e 2021/26409V.

Aprobación do proxecto de modificación de Centro de Transformación de compañía na Rúa da Codeseira en Vidán.

APRÓBASE o proxecto técnico de modificación de Centro de Transformación de compañía na rúa da Codeseira en Vidán elaborado por Obradoiro Enxeñeiros coas seguintes condicións: o orzamento total do mesmo ascende a 61.189,80 € que xunto o IVE (12.849,86) representa un total de **74.039,66 €**.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00036467C.

Declarar deserta a licitación para a contratación do “Servizo Teatro de barrio nos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela” 2022/36467C.

Declárase deserta a licitación para a contratación do “Servizo Teatro de barrio nos centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela” 2022/36467C, ao non terse presentado ningunha oferta.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00027929S.

Adxudicación das “Obras para a instalación de alumado público na Rúa das Estrelas”.

Acórdase:

- Adxudicar o contrato que ten por obxecto as *Obras para a instalación de alumado público na Rúa das Estrelas* á empresa VILELA ELECTRICIDAD SL cunha oferta económica de **87.547,99 €**, IVE engadido (base imponible de 72.353,71 €, máis IVE do 21% de 15.194,28 €).

Oferta ademais:

Unha ampliación do prazo de garantía de 10 anos, de modo que o prazo de garantía deste contrato pasa a ser de 11 anos

Comprométese a adscribir á execución do contrato cunha dedicación de, polo menos, o 50% da súa xornada un enxeñeiro técnico industrial especialista en electricidade.

- Comprometer un gasto de 87.547,99 € con cargo á aplicación orzamentaria 020 16500 6090001 (código de proxecto: 2021 2 INVAL 4 1).

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00051660Z.

Adxudicación do “Servizo de limpeza en edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago de Compostela”.

Acórdase:

-Adxudicar o contrato que ten por obxecto “*Servizo de limpeza en edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago de Compostela*” á empresa LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO SA cunha oferta económica de **3.918.244,66 €** (base imponible de 3.238.218,73 €, máis IVE de 680.025,93 €).

LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO SA oferta, tamén, unha bolsa de 600 horas anuais sen custo para o Concello de Santiago de Compostela e comprométese a recollida de papel de reciclaxe nos colectores habilitados nos edificios e instalacións obxecto deste contrato.

Comprométese un gasto por importe de **3.918.244,66 €** con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

2022	
030 34200 2270000 INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	195.912,23 €
LIMPEZA E ASEO.	
030 33403 2270000 CSC. LIMPEZA E ASEO.	228.564,27 €
030 92000 2270000 ADMINISTRACIÓN XERAL. LIMPEZA E ASEO.	228.564,27 €
TOTAL	653.040,77 €
2023	
030 34200 2270000 INSTALACIÓNS DEPORTIVAS LIMPEZA E ASEO.	391.824,47 €
030 33403 2270000 CSC. LIMPEZA E ASEO.	457.128,54 €
030 92000 2270000 ADMINISTRACIÓN XERAL. LIMPEZA E ASEO.	457.128,54 €
TOTAL	1.306.081,55 €

2024	
030 34200 2270000 INSTALACIÓNS DEPORTIVAS LIMPEZA E ASEO.	391.824,47 €
030 33403 2270000 CSC. LIMPEZA E ASEO.	457.128,54 €
030 92000 2270000 ADMINISTRACIÓN XERAL. LIMPEZA E ASEO.	457.128,54 €
TOTAL	1.306.081,55 €

2025	
030 34200 2270000 INSTALACIÓNS DEPORTIVAS LIMPEZA E ASEO.	195.912,24 €
030 33403 2270000 CSC. LIMPEZA E ASEO.	228.564,27 €
030 92000 2270000 ADMINISTRACIÓN XERAL. LIMPEZA E ASEO.	228.564,27 €
TOTAL	653.040,78 €

Ao abeiro do establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, o gasto das anualidades futuras queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00006701H.

Adxudicación do “Servizo de xerencia do plan desenvolvemento turístico sostible de Santiago de Compostela”.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicarlle o contrato que ten por obxecto o *Servizo de xerencia do plan desenvolvemento turístico sostible de Santiago de Compostela* a ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN SA, cunha oferta económica de **109.710,52 €**, IVE engadido (base imponible de 90.669,85 €, e IVE do 21% de 19.040,67 €).

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 109.710,52 € con cargo á aplicación orzamentaria 070 43200 6400000 (código de proxecto: 2020 2 PSTUR 61 1 PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA).

14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00033477C.

Aprobación do expediente de “Subministración de kits de detección de drogas”.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o expediente denominado “Subministración de kits de detección de drogas”, e abrir o procedemento de adxudicación negociado por exclusividade ao abeiro do disposto no artigo 168. a.) 2º da LCSP, establecendo:

Orzamento de licitación sen IVE: 33.000,00 euros. IVE 21%: 6.930,00 euros.

Orzamento base de licitación co IVE: **39.930,00 euros**

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato por importe de 39.930,00 euros que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 060 13200 2219900 coa seguinte desagregación anual:

Exercicio 2022: 6.655,00 euros

Exercicio 2023: 13.310,00 euros

Exercicio 2024: 13.310,00 euros

Exercicio 2025: 6.655,00 euros

Ao abeiro do establecido no artigo 174 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e no artigo 79 e seguintes do

Decreto 500/90, o gasto queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.

15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00049109N.

Aceptación da comunicación de fusión por absorción outorgada por Ferrovial Construcción SA, como Sociedade Absorbente e, Ferrovial Soluciones Energéticas, SLU e Ferrovial Servicios Energéticos, SLU como Sociedades Absorbidas, en relación co contrato administrativo de servizos para a mantemento da iluminación pública, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións do alumeado ornamental dos monumentos do Concello de Santiago de Compostela.

Acéptase a comunicación de fusión por absorción outorgada por Ferrovial Construcción SA, como Sociedade Absorbente e, Ferrovial Soluciones Energéticas, SLU e Ferrovial Servicios Energéticos, SLU como Sociedades Absorbidas, de tal xeito que toda clase de dereitos e obrigas pendentes e futuras que vinculen a Ferrovial Servicios Energéticos, SLU con este Concello en relación co **contrato administrativo de servizos para a mantemento da iluminación pública, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións do alumeado ornamental dos monumentos do Concello de Santiago de Compostela (A Coruña)** entenderanse coa sociedade FERROVIAL CONSTRUCCION, SA co NIF A28019206, e domicilio social na rúa Ribera del Loira, núm. 42, 28042 Madrid.

16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033255D.

Autorización inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución do proxecto "Ampliación da rede de abastecemento en Piñeiro de Enfesta, Frades e Gunín (Enfesta) " (POS+Adicional 2/2020).

Autorízase o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución do proxecto "Ampliación da rede de abastecemento en Piñeiro de Enfesta, Frades e Gunín (Enfesta) " (POS+Adicional 2/2020)”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

17. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00034614F.

Autorización de cancelación de aval e devolución de fianza definitiva constituídos pola empresa, BETTER CONSULTANTS SRL para responder do contrato de “Servizo de mantemento da aplicación informática de xestión de accidentes de tráfico e atestados subministrada pola empresa BETTER CONSULTANS ao Concello de Santiago de Compostela” . CON/11/2017.

Acórdase

Primeiro.- Autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa, *BETTER CONSULTANTS SRL*, por importe de 11.700 euros (Avalista Deutsche Bank), para responder do contrato de “Servizo de mantemento da aplicación informática de xestión de accidentes de tráfico e atestados subministrada pola empresa BETTER CONSULTANS ao Concello de Santiago de Compostela” . CON/11/2017.

Segundo.- Autorizar a devolución da fianza definitiva constituída pola empresa, *BETTER CONSULTANTS SRL*, por importe de 600 euros para responder do contrato de “Servizo de mantemento da aplicación informática de xestión de accidentes de tráfico e atestados subministrada pola empresa BETTER CONSULTANS ao Concello de Santiago de Compostela” . CON/11/2017.

Terceiro.- Notificar este acordo á Tesourería Municipal co obxecto de que procedan a cancelación de dito aval e a Intervención Municipal para que procedan a devolución da citada fianza definitiva

18. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00041614S.

Autorización cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa, ATLANTIC PONTE 2000 SLU, para responder do contrato de “Servizo de tarefas de comunicación do proxecto europeo TROPA VERDE 2ª Fase. Cofinanciado polo fondo

europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) no marco do programa URBACT III (2014-2020)". CON/20/2019.

Autorízase a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa, *ATLANTIC PONTE 2000 SLU*, por importe de **249,50** euros (Avalista: ABANCA ORPORACIÓN BANCARIA) para responder do contrato de "Servizo de tarefas de comunicación do proxecto europeo TROPA VERDE 2ª Fase. Cofinanciado polo fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) no marco do programa URBACT III (2014-2020)".

19. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00056451K.

Autorización da cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa, ACUNTIA, S.A., para responder do contrato de "Servizo de operación e mantemento da rede de datos do Concello de Santiago de Compostela." . CON/36/2016.

Autorízase a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa, *ACUNTIA, S.A.*, por importe de **4.346,00** euros (Avalista: BANKIA SA) para responder do contrato de "Servizo de operación e mantemento da rede de datos do Concello de Santiago de Compostela."

20. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00034458N.

Autorización devolución da fianza constituída pola empresa, CLIMAGAL, S.L., para responder do contrato de Prestación do servizo de mantemento da climatización do Centro Sociocultural de Santa Marta . CON/26/2014.

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, *CLIMAGAL, S.L.*, por importe de 413,28 euros para responder do contrato de "Prestación do servizo de mantemento da climatización do Centro Sociocultural de Santa Marta" .

21. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/289.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (4) emitidas pola empresa Sistemas de Seguridade A-1, SL,) en concepto de servizos de mantemento de extintores e alarmas en distintas dependencias municipais entre os meses de xaneiro e agosto de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CATROCIENTOS DOCE EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (1.412,50 €) segundo relación contable de facturas S/2022/289 que se achega no expediente, e que comeza pola factura numero F/2022/3105 por importe de 747,67 euros, e remata pola factura número F/2022/3898 por importe de 101,64 euros, a favor da empresa SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

22. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/293.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (8) emitidas por varias empresas en concepto de subministración de gas e gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondente ao período entre marzo e setembro de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL CATROCIENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (2.497,72 €), segundo relación contable de facturas S/2022/293 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/1892 por un importe de 57,11 euros emitida pola empresa

Gas Natural Comercializadora, S.A. e remata pola factura número F/2022/4616 por un importe de 735,15 euros emitida pola empresa Gas Natural Comercializadora, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

23. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/307.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (7) emitidas por varias empresas en concepto de subministración de gas e gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondente ao período entre abril e setembro de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de NOVE MIL UN EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (9.001,79 €), segundo relación contable de facturas S/2022/307 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/2734 por un importe de 970,44 euros emitida pola empresa Naturgy Iberia, S.A. e remata pola factura número F/2022/4657 por un importe de 901,35 euros emitida pola empresa Gas Natural Comercializadora, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

24. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/309.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (14) emitidas por varias empresas en concepto de servizos de mantemento do sistema de extintores e alarmas en distintas dependencias municipais correspondentes a varios períodos entre xaneiro e outubro do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de OITO MIL NOVECIENTOS DEZAOITO EUROS (8.918,00 €), segundo relación contable de facturas S/2022/309 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/1659 por importe de 1.142,94 euros, emitida pola empresa SISTEMAS DE SEGURIDAD A-1, S.L., e remata pola factura número F/2022/4741 por importe de 5.157,73 euros emitida pola empresa SISTEMAS DE SEGURIDAD A-1, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

25. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: OFI S/2022/281.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da relación contable S/2022/281 con tres (3) facturas por importe total de 9.883,69 euros emitidas por UTE D TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA SAU en concepto de servizo de Plan corporativo tarifa única, extensións móbiles, correspondente aos meses de abril e xullo de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos da relación contable de facturas S/2022/281 con tres (3) facturas por importe de NOVE MIL OITOCENTOS OITENTA E TRES EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (9.883,69€) en concepto de servizo de

Plan corporativo tarifa única, extensión móbiles, correspondente aos meses de abril e xullo de 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

26. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda, polo servizo de sinalización horizontal e vertical, a prol de ACEINSA, correspondente o mes de xullo de 2022.

Acórdase:

Primeiro: Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico do termo municipal de Santiago, correspondente ó mes de xullo de 2022.

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de oitenta e nove mil, catro euros, con tres céntimos (89.004,03.-), a prol da entidade ACEINSA, con imputación orzamentaria 060 13300 2270101 do orzamento.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar este prexuízo.

27. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda pola prestación do servizo de sinalización horizontal e vertical, durante o mes de agosto de 2022, por importe de 56.292,79 €.

Acórdase:

Primeiro: Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico do termo municipal de Santiago, correspondente ó mes de agosto de 2022.

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de cincuenta e seis mil douscentos noventa e dous euros, con setenta e nove céntimos (56.292,79.-), a prol da entidade ACEINSA, con imputación orzamentaria 060 13300 2270101 do orzamento.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar este prexuízo.

28. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: Relación contable S/2022/266 de facturas do servizo de inhumación con cargo á beneficencia municipal. Convalidación omisión da función interventora e recoñecemento de débeda coa empresa “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.” correspondente á realización do servizo de dúas inhumacións con cargo á beneficencia municipal no Cemiterio Municipal de Boisaca por importe de 1.088,77 euros. (Relación contable de facturas S/2022/266).

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da xestión e realización de dúas inhumacións con cargo á beneficencia municipal no Cemiterio Municipal de Boisaca por importe de 1.088,77 euros.

2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de mil oitenta e oito euros con setenta e sete céntimos (1.088,77) a favor de “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.”, imputándose á aplicación orzamentaria 2022/020/16400/2279900 do orzamento vixente.

3. Dispoñer a continuación das prestacións cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo.

29. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00014179L.

Revisión das tarifas 2022 do aparcadoiro de Romero Donallo.

Acórdase revisar as tarifas do aparcadoiro público de Romero Donallo consonte ao informado pola inspectora técnica de servizos que supón unha suba do IPC dun 13,30% con respecto á última revisión de tarifas aprobada o 19 de xullo de 2012. Os importes revisados e actualizados son os que se recollen de seguido na táboa anexa

Tarifas revisadas 2022			Sen IVE	IVE 21%	
De 1 a 5	minutos	-----	0,0431	0,0522	€/min
De 6 a 15	minutos	-----	0,0376	0,0455	€/min
De 16 a 30	minutos	-----	0,0312	0,0378	€/min
De 31 a 45	minutos	-----	0,0243	0,0294	€/min
De 46 a 60	minutos	-----	0,0253	0,0307	€/min
De 61 a 120	minutos	-----	0,0231	0,0280	€/min
De 121 a 210	minutos	-----	0,0227	0,0274	€/min
De 211 a 420	minutos	-----	0,0234	0,0283	€/min
De 421 a 480	minutos	-----	0,0222	0,0268	€/min
De 481 a 540	minutos	-----	0,0201	0,0243	€/min
De 541 a 600	minutos	-----	0,0190	0,0230	€/min

Prezos por hora 2022 (IVE incluído)												
TARIFAS	30'	1h	90'	2h	3h	4h	5h	6h	7h	8h	9h	10h
2012	1,10	1,85	2,60	3,30	4,70	6,15	7,60	9,10	10,55	11,95	13,20	14,40
2022	1,25	2,15	3,00	3,85	5,50	7,15	8,85	10,55	12,25	13,85	15,35	16,70
Prezos aprobados 2012							Prezos propostos 2022					

ABONOS	IVE 18%	Sen IVE	IVE 21%	IPC 13,30 %	2022 (21%)	Redondeo
MAÑANA	57,29	48,55	58,75	55,01	66,56	66,50
TARDE	57,29	48,55	58,75	55,01	66,56	66,50
NOCHE	57,29	48,55	58,75	55,01	66,56	66,50
24 HORAS	100,26	84,97	102,81	96,27	116,48	116,40

30. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00050392F.

Dar conta da sinatura de varios convenios dende a Concellaria de Acción Cultural.

Tómase coñecemento da sinatura dos seguintes convenios:

Entidade beneficiaria	importe	Aprobación en XdG	Data de sinatura
Agrupación cultural O Galo	5.000	03/10/2022	
Ateneo de Santiago	20.000	26/09/2022	28/09/2022
Asociación Cultural Rocha Forte	5.000	28/10/2022	08/11/2022
Asociación do conservatoriode música tradicional e folquede Lalín	20.000	07/11/2022	08/11/2022
Asociación cultural Cidade Vella	20.000	26/09/2022	26/09/2022
Cursos universitarios e internacionais de musica en Compostela	5.000	19/09/2022	29/09/2022
Performa Sociedade Cooperativa Galega	50.000	26/09/2022	26/09/2022

31. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00050262S.

Dación de conta da sentenza recaída no Procedemento Ordinario 38/2022 CA1.

Dase conta da sentenza do 31.10.2022.

Procedemento: PO PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000038 /2022

Órgano: XDO. CONTENCIOSO/ADMTVO. N. 1 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Demandante: XESTION DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS E ESPECTACULOS, S.L.

Obxecto: Impugnación da desestimación presunta por parte do Concello da reclamación de pago do importe de actualización de tarifas.

Sentenza estimando a petición de arquivo formulada polo Concello por carencia sobrevida de obxecto, por terse recoñecido totalmente en vía administrativa as pretensións da actora, declarando a terminación do proceso en facer imposición das custas procesuais.

Contra a Sentenza ditada cabería interpoñer recurso de apelación, pero non procede pois arquiva o procedemento xudicial iniciado fronte ao Concello, e non fai imposición das custas procesuais.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial.
2. Non interpoñer recurso de apelación.

3. Remitir ao Departamento de Deportes para o seu coñecemento.

32. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00050564H.

Dación de conta da providencia ditada no Recurso de Casación 6213/2022 do Tribunal Supremo.

Dase conta da providencia 08.11.2022

RC 6213/2022 TS, AP 4122/2022 TSX, PO PSS 383/2021 CA1

Obxecto: solicitude de medidas cautelares contra a orde de peche do ximnasio situado na Rúa Santiago de Chile nº 15, por execución de obras sen licenza.

A providencia é favorable para o Concello, non susceptible de recurso.

Os demandantes tiñan solicitado no PO 383/2021 do CA 1 –do que xa consta sentenza desfavorable, recorrida en apelación-, a medida cautelarísima de suspensión da orde de peche acordada polo Concello. Tramitada como medida cautelar –con audiencia do Concello-, o Xulgado rexeitouna ao non acreditarse os requisitos mínimos (aparencia de bo dereito e *periculum in mora*). Recorrido o auto desestimatorio en apelación, o recurso foi desestimado por Sentenza do TSX de Galicia, do 10.06.2022.

Agora, o TS declara a non admisión a trámite do recurso de casación por: non terse solicitado complemento á alegada falta de fundamentación da sentenza; e por falta de motivación do recurso interposto.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da providencia.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

33. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00049292B.

Dación de conta da providencia ditada no recurso de casación 6111/2022 do Tribunal Supremo /Procedemento Ordinario 10/2020 CA1.

Dase conta da Providencia 26.10.2022. RC 6111/2022 TS, AP 4055/2022 TSX, PO 10/2020 CA1

Demandante: Procesos edificatorios SL

Obxecto: responsabilidade patrimonial por incumprimento de convenio urbanístico e paralización da urbanización do SUNP 38 Formarís.

A providencia é favorable para o Concello, non susceptible de recurso.

A demandante, polas razóns expostas, viña de reclamar na vía administrativa, e logo na contenciosa, a cantidade de 2.015.681,76 euros, nos conceptos de dano emerxente (por gastos “inútiles”), lucro cesante (pola indispoñibilidade dos terreos), e ingresos indebidos (IBI xirado e satisfeito como urbano).

A sentenza de instancia desestimou totalmente o recurso contencioso. Sen embargo, o TSX estimou parcialmente a apelación no relativo ao IBI, non obstante a firmeza das liquidacións xiradas; recoñecendo á apelante o dereito á devolución dos 89.697,54 euros, pero coa compensación polas cotas a satisfacer como rústico, a determinar en execución de sentenza.

A providencia do TS declara a non admisión do recurso de casación por falta de fundamentación e carencia de interese casacional.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da providencia.
2. Remitir ao Servizo Tesourería - Xestión para a execución do exposto sobre o IBI.

34. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00049565P.

Dación de conta da providencia recaída no recurso de casación 5576/202 do Tribunal Supremo (AP 4278/2021 TSX, PO 076/2020 CA2).

Dase conta da Providencia do 02.11.2022. RC 5576/2022, AP 4278/2021 TSX, PO 076/2020 CA2

Obxecto: impugnación directa de cota de urbanización e indirecta do Plan de sectorización do SUNP 37-3 Costa Vella.

A providencia de inadmisión do recurso de casación é favorable para o Concello.

O xulgado de instancia viña de non admitir o recurso contencioso ao entender que a cota de urbanización era un ingreso de Dereito público para o que o recurso de reposición do art. 14.2 TRLRFL era preceptivo.

Pola contra, o TSX entendeu en apelación que a fixación da cota era un acto de xestión urbanística, polo que podía recorrerse directamente. En canto ao fondo do asunto, a Sala desestimou o recurso na súa totalidade:

1. Sobre a impugnación indirecta do Plan de sectorización, por incluír este custes non repercutibles na cota, a Sala considera que a liquidación deriva en puridade do instrumento de equidistribución, non do Plan; e ademais, na cota precisamente exclúense gastos que si aparecían no Plan, pero que as sentenzas ditadas prohiben computar, como é o nodo de enlace coa N-550, entre outros conceptos.

2. Con respecto aos gastos non recollidos expresamente no Plan, pero aplicados na cota, a sentenza acolle a alegación do Concello de que se trata de gastos necesarios que veñen “incluídos” de forma implícita na norma, concretamente o artigo 256 do Regulamento da Lei do solo, polo que si son procedentes.

3. Finalmente, en canto á alegación de que os gastos eran desproporcionados ou arbitrarios, a Sala resolve que ditas circunstancias non están acreditadas.

O Tribunal Supremo non admite o recurso de casación:

1. Ao entender que a cuestión controvertida versa sobre dereito autonómico. Neste senso, non consta que exista recurso de casación autonómico subsidiario.

2. En todo caso, por falta de fundamentación e por carecer de interese casacional.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da providencia.

2. Remitir ao Servizo de Planeamento e Xestión para o seu coñecemento.

35. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00050367D.

Dación de conta de providencia recaída no RCA 1752/2022 do PO 378/2018 CA1.

Dase conta da Providencia 10.11.2022. RC 1752/2022 TS, AP 15004/2021 TSX, PO 378/2018 CA1

Demandante: As Cancelas S XXI, SL

Obxecto: liquidacións complementarias ICIO e taxas urbanísticas pola construción dun centro comercial.

A providencia é favorable para o Concello, non susceptible de recurso.

Inicialmente o Xulgado do contencioso nº 2 tiña estimado a demanda contras as liquidacións complementarias por falta de motivación. Retrotraído o expediente e xiradas novas liquidacións, estas foron impugnadas, estimándose o recurso polo Xulgado nº 1 no PO 378/2021.

Recorrida en apelación, a Sala do TSX estimou o recurso interposto polo Concello. En síntese, o momento clave nos tributos non é tanto o do inicio da construción coma o da súa finalización; e derivado deste a determinación dos elementos persoais e cuantitativos da relación xurídica tributaria. En definitiva, o TSX comparte a tese municipal: en “construción por administración”, só existe unha empresa construtora (a que asina o certificado final), e as demais interveñen como subministradoras, polo que os seus gastos xerais e beneficio industrial deben integrar a base impoñible dos tributos.

Esta tese ven de ser recentemente aplicada polo Contencioso nº 2 en relación cunhas obras executadas por FINSA, con sentenza desestimatoria firme.

O TS declara a non admisión do recurso de casación por falta de interese casacional: a sentenza de apelación aplica a última xurisprudencia do TS sobre a nulidade/anulabilidade, sen xustificarse pola entidade recorrente a necesidade da súa revisión.

Á vista de canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

1. Tomar coñecemento da providencia.

2. Remitir ao Servizo de Tesourería - Inspección para o seu coñecemento.

36. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00050525W.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 4 ao 10 de novembro de 2022.

URXENCIAS

37. Aprobación e recoñecemento das obrigas derivadas da certificación final de execución das obras de rexeneración do pavimento da calzada da Avda. de Asturias, en Santiago de Compostela.

Acórdase aprobar, disponer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación final das obras de rexeneración do pavimento da calzada da Avda. de Asturias, en Santiago de Compostela emitida por Explotaciones Gallegas SL., por importe de 32.941,60 euros.